# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 27016728 | CEIP Illa Verde | Lugo | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Lingua Estranxeira - Inglés | 5º Pri. | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 20 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 21 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 21 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 23 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 23 |
| 7.2. Actividades complementarias | 24 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 24 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 25 |
| 9. Outros apartados | 25 |

## 1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para o 5ºcurso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado na cidade de Lugo. Contexto socio-económico alto.

É un centro público de educación infantil e primaria. Este centro ten 18 unidades, sendo 6 delas de educación infantil e 12 unidades de educación primaria. Como características singulares cómpre destacar: Edixgal en 5º e 6º.

O grupo seleccionado de 5º EP, está composto por 44 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 10 e os 11 anos. No curso de 5º de EP temos algún alumno con Reforzo Educativo (RE)
Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

Características deste alumnado:
-Lingua materna dominante: castelán
-É un alumnado que lles gusta aprender mentres realizan actividades lúdicas, mostran con facilidade a súa creatividade e imaxinación, resulta fácil espertar a súa curiosidade e son conscientes das vantaxes de traballar de xeito cooperativo na clase.

A finalidade desta programación didáctica é conseguir que o alumnado adquira todas as competencias establecidas. Traballaranse intensamente ao longo desta programación a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC.
Esta programación ten en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

Crearánse as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente a diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e a busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Prepararase e organizarase o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinando accións, impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de xeito activo e reflexivo, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa banda, o alumnado participará de xeito activo no seu proceso de aprendizaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |
| OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 4 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | 1-3 | |
| OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |
| OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2 | 1 | 2 | 1-4-5 | | 3 | |
| OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 2-3 | | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | I don¿t like this city! | ¿ Vocabulario relacionado con diferentes edificios e partes dunha cidades<br>¿ Expresar as actividades de lecer que se fan cada día.<br>¿ There is/ there are- - forma afirmativa, negativa e interrogativa.<br>¿ Describir unha cidade ou vila.<br>¿ Indicacións para moverse pola cidade: turn right/left, go around..., go past, go straight on...<br>¿ Atopar/indicar un lugar nun mapa co vocabulario: opposite, next to, between.<br>¿ Atopar un lugar no mapa empregando: there is (a) / There are (some), There isn't (a) / There aren't (any)<br>¿ Diálogo nunha oficina de turismo.<br>¿ Presentación sobre unha cidade/vila ideal.<br>¿ Sons: /d/ - /ð/<br>¿ Cultura: Os medios de transporte no mundo.<br>¿ Repaso dos contidos principais do ciclo.<br>- Vocabulario relacionado con Halloween. | 17 | 18 | X | | |
| 2 | The new superhero. | ¿ Vocabulario descrición psicolóxica (adxectivos)<br>¿ Verbo To be + adxectivo.<br>¿ Can/can't.<br>¿ Comparing (adjectives comparative form)<br>¿ Describir e comparar persoas.<br>¿ Repaso da roupa.<br>¿ Describir o que un mesmo ou outra persoa leva posto.<br>¿ Cultura: superheroes nas películas e na literatura. | 16 | 17 | X | | |
| 3 | At the school canteen. | ¿ Vocabulario relacionado coa comida: vexetais, froita, cereais...<br>¿ As comidas principais do día: breakfast, lunch, dinner.<br>¿ Vocabulario básico dunha receita de cociña, cos verbos no imperativo: wash, peel, chop, put, mix,...<br>¿ A pirámide alimentaria<br>¿ Verbos like, love e hate en forma afirmativa, negativa e interrogativa.<br>¿ Hábitos de alimentación saudables<br>¿ Pedir comida no comedor escolar/nun restaurante.<br>¿ Facer preguntas na aula sobre os gustos e hábitos alimentarios para elaborar un gráfico coa información. | 17 | 18 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | At the school canteen. | ¿ Ler e elaborar un menú saudable.<br>¿ Escribir e explicar unha receita.<br>¿ Cultura: comidas do mundo. | 17 | 18 | | X | |
| 4 | Not a typical day. | ¿ Vocabulario relacionado con actividades diarias, deportes...<br>¿ Repaso das horas e as partes do día.<br>¿ Expresións temporais.<br>¿ Uso da forma: present continuous<br>¿ Present simple vs Present continuous.<br>¿ Lectura e elaboración dun cómic.<br>¿ Entrevistar e responder preguntas nunha entrevista.<br>¿ Cultura: un día na vida de... | 16 | 17 | | X | |
| 5 | Life in the past. | ¿ Vocabulario relacionado coa tecnoloxía, as profesións e a vida no pasado.<br>¿ Verbos regulares en past simple.<br>¿ Expresións temporais para o pasado.<br>¿ Comparar a vida no pasado coa vida actual.<br>¿ Elaborar unha liña do tempo.<br>¿ Comprender e escribir unha biografía sinxela.<br>¿ Pronuncia do pasado dos verbos regulares.<br>¿ Cultura: inventores e descubridores. | 17 | 18 | | | X |
| 6 | We¿re going to go on holidays! | ¿ Vocabulario relacionado con paisaxes, actividades de vacacións, animais.<br>¿ Vocabulario relacionado cos puntos cardinais para situar lugares nun mapa mundi.<br>¿ Repaso do vocabulario relacionado co tempo atmosférico.<br>¿ Falar de vacacións.<br>¿ To be going to: forma afirmativa, negativa e interrogativa.<br>¿ Escribir un folleto turístico<br>¿ Describir fotografías de paisaxes<br>¿ Cultura: Natural wonders<br>¿ Repaso dos contidos principais do ciclo anterior. | 17 | 17 | | | X |

## 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | I don¿t like this city! | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Selecciona, organiza e aplica, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles. | PE | 20 |
| CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñece, interpreta e analiza o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos. | TI | 80 |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Selecciona, organiza e aplica, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados. | | |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado. | | |
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organiza e redacta textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta. | | |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planifica e participa en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Selecciona, organiza e utiliza, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse. | | |
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Selecciona e aplica, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utiliza e diferencia de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.<br>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. |

| Contidos |
| --- |
| - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | The new superhero. | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organiza e redacta textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta. | PE | 20 |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Selecciona, organiza e aplica, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados. | TI | 80 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Selecciona, organiza e utiliza, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Infire e explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Técnicas de aprendizaxe.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.<br>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.<br>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | At the school canteen. | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Selecciona, organiza e aplica, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas. | PE | 20 |
| CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñece, interpreta e analiza o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos | TI | 80 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado | | |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planifica e participa en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Selecciona, organiza e utiliza, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse. | | |
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Selecciona e aplica, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utiliza e diferencia de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira. | | |
| CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Iníciase, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Técnicas de aprendizaxe.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.<br>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a |

| Contidos |
|---|
| - comunicación fluída.<br>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.<br>- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Not a typical day. | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organiza e redacta textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta. | PE | 20 |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Selecciona, organiza e aplica, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás. | TI | 80 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Selecciona, organiza e utiliza, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse. | | |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Infire e explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada mostrando interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.<br>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. |

| Contidos |
| --- |
| - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | Life in the past. | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Selecciona, organiza e aplica, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles. | PE | 20 |
| CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñece, interpreta e analiza o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos. | TI | 80 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado. | | |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planifica e participa en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Selecciona, organiza e utiliza, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Selecciona e aplica, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utiliza e diferencia de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira. | | |
| CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actua con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | Selecciona e aplica, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.<br>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. |

| Contidos |
|---|
| - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.<br>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.<br>- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | We¿re going to go on holidays! | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organiza e redacta textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta. | PE | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Selecciona, organiza e aplica, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás. | TI | 80 |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado. | | |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Selecciona, organiza e utiliza, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Infire e explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada mostrando interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.<br>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. |

| Contidos |
| --- |
| - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.<br>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos no que resulta familiar e próximo do alumnado mais cunha vertente de fantasía para acadar o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementoa, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso, é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.

Traballarase o desenvolvemento das catro destrezas ( reading, writing, listening e speaking) de forma coordinada e integrada no ensino de contido:

-Memorización do vocabulario relacionado con cada unidade, cunha visualización do vocabulario contextualizado nun lugar
determinado con diferentes persoaxes que o utilizan.
- Xogos dixitais
- Xogos de mesa en equipos relacionados co vocabulario das unidades.
-Actividades de escoita e exercicios de comunicación motivadores.
-Cancións que cobren unha variedade de xéneros musicais, especialmente deseñados para abarcar a diversidade de estilos musicais que os nenos lles gusta na vida real.
-Visualización de películas que integran aspectos socioculturais de aprendizaxe.
-Escoita e dramatización de diferentes historias.
-Lectura e comprensión de textos ( Reading,)
-Explicación e aplicación das estruturas gramaticais.
-Pronunciación de sons estudados.
-Actividades de comprensión e expresión oral ( Listening and Speaking)
-Actividades de comprensión e expresión escrita ( Writing and Reading).

Desenvolvemento da Unidade:
- Estudo do Vocabulario.
- Lectura e comprensión de textos.
- Estudo e explicación das estruturas gramaticais da unidade correspondente.
- Os sons estudados.
- Comprensión e expresión oral da lingua.
- Comprensión e expresión escrita.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Unidades do libro en Edixgal |
| Páxinas web de gramática, vocabulario e xogos online |
| Historias e contos |
| Flashcards, posters e murais |
| Libros de lectura |
| Pizarra interactiva |
| Medios audiovisuais |
| Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar |
| Vídeos, cancións e rimas |

O alumnado dispón dos seguintes recursos:
- Un portátil para traballar desde Edixgal.
- Unidades do libro en Edixgal.
- Páxinas web de gramática, de vocabulario e de xogos online
- Historias e contos de páxinas web e libros.

- Flashcards que utilizarán para diferentes tipos de xogos, por exemplo: xogos de memoria, de emparellar debuxo con palabra, de adiviñar, de facer parellas,...

- Posters e murais que elaborará o alumnado na aula e que despois servirán para facer actividades de comunicación.

- Libros de lectura que poderán coller prestados na biblioteca do colexio, e cos que se traballará vocabulario e expresións adecuadas á súa idade.

- Pizarra interactiva: son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso na aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

- Uso de medios audiovisuais: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

- Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades,...

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase ao principio do curso unha avaliación de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión verbal e calquer outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno/a. Para esta avaliación de diagnose pártese dunha proba inicial escrita e oral (explicada a continuación) e da observación sistemática para facer unha valoración global de partida de cada alumno/a.

. Repasarase o seguinte:
- Vocabulario: países e nacionalidades e números ordinais.
- Gramática: verbo "to be" e preguntas utilizando partículas interrogativas (where, how many, when,...), escribir datas, presente simple con verbos de preferencias e gustos (like, love, hate,...).

A parte oral repasarana cun exercicio de preguntas e respostas e farano por parellas. Farase coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de indicadores, coas cualificacións de "moi ben, ben, regular e mal".
As partes de escribir, escoitar e ler tamén se rexistrarán co mesmo tipo de cualificación.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **17** | **16** | **17** | **16** | **17** | **17** | **100** |
| **Proba escrita** | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | **20** |
| **Táboa de indicadores** | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | **80** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación establecéronse utilizando :
- Procedementos e evidencias : observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role play, teatrais, analise de portfolios e outros.

- Instrumentos: táboas de indicadores e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita.

En cada avaliación realizaranse dúas probas nas que se valorarán as catro destrezas: listening, speaking, writing e reading e que contarán un 60% da nota.
O traballo diario de clase será un 20% da nota.
Un 10% será para os traballos ou tarefas que se indiquen como avaliables.
O 10% restante será polo esforzo, participación e interese mostrado durante todo o trimestre.

Cada alumno debe alcanzar un 50% da cualificación total tras a ponderación global de cada unha das partes.

Se a nota na parte decimal está entre 0 e 49 poñerase a nota enteira inferior e se está entre 50 e 99 poñerase a superior.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluídez ,menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas , técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua durante o curso teremos en conta o rexistrado para cada alumno/a en cada unha das unidades didácticas ao longo de cada un dos trimestres prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

**Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia,o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.
O alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo terá apoios e reforzos educativos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021 para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo. O Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Ademais levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade e que os alumnos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; esta programación está deseñada para ser utilizada con flexibilidade de xeito que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día. Existe sempre un apoio para aqueles alumnos que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese pola lingua estranxeira. Para reparar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados. Tamén se realizarán xogos/actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos. Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Igualdade entre homes e mulleres | | X | | X | | |
| ET.3 - Educación para a paz | | | X | | | |
| ET.4 - Educación emocional | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Nesta programación só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Estes elementos transversais son os escollidos para tratar no momento máis axeitado ao longo do curso, pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.
Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

Na materia da lingua inglesa traballaranse principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en todas as unidades; mais tamén se traballan a comunicación audiovisual e a competencia dixital. O coñecemento dunha lingua estranxeira permite aos alumnos acceder a unha gama máis ampla de información e tamén comunicarse cunha gama máis ampla de persoas.

O emprendemento tamén se traballará nesta programación, xa que o método fomenta o traballo en equipo na aula, a xestión de recursos persoais e as habilidades sociais, como a cooperación e a negociación.

Tamén se fomentará a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz e a educación emocional.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Saídas didácticas | Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe. | X | X | X |
| Visitas ao centro | Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores.... | X | X | X |
| Commemoracións da escola | Samaín, magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia.... | X | X | X |
| Commemoracións específicas | Halloween, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving.... | X | X | X |

**Observacións:**
O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas. |

| Metodoloxía empregada |
|---|
| Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel,do profesorado de LE co de CLIL. |

**Descrición:**

O Decreto 155/2022 que establece o currículo, no seu artigo de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, sobretodo avaliar o propio proceso de ensino e práctica docente por parte do mestre.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave.Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

## 9. Outros apartados